

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 4 de novembro de 2022 (DOG do 18 de novembro de 2022).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que *“Antes de realizar cada exercicio o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección”*, en sesión celebrada o día 12 de setembro de 2023, acordou o seguinte:

PRIMEIRO: Segundo establece o Anexo I da convocatoria o segundo exercicio do proceso selectivo, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis cinco de reserva, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das que só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II á convocatoria.

Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas. Para obter 15 puntos deberá responder **correctamente 54 preguntas**.

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan. As respostas incorrectas non computarán negativamente.

TERCEIRO: As preguntas de reserva, numeradas da 91 a 95, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre elas.

CUARTO: Para garantir o anonimato dos e das aspirantes non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo invalidarase o exame outorgándolle unha puntuación de 0 puntos.

QUINTO: O tempo para efectuar este exercicio será de 95 minutos. O Tribunal acordou que non se poderá abandonar a aula nin retirarse do exercicio antes dos primeiros 30 minutos e previa entrega do exame, nin 10 minutos antes da súa finalización.

SEXTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento que se iniciará a partir das 11:00 horas e comezará coa letra T.

O presidente do Tribunal
José Ramón Basante Barbazán

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON BASANTE BARBAZAN, XEFE A DA SUBAREA ECONOMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/10/2023 11:20:03.

CSV: 9E73-7D65-4CD1-81DF